Pero Garcia Burgalês

Rubrica

Por mui coitado per tenh'eu quem vai querer bem tal molher que seu serviço nom lhe quer per nulha guisa gradecer.
E, mal pecad'!, assi viv'eu, coitad'! E que demo mi deu coita pola nunca perder?

Nom por al, senom polo seu bom parecer, da mia senhor, que nunca home viu melhor, nem tal; se Deus me leix'haver dela bem e me mostr'o seu bom parecer, que lhe Deus deu por já sempr'a mim mal fazer!

Ca Deu'la fez, por mal de mim, mais fremosa de quantas som no mundo, si Deus me perdom! E vedes que mi ar fez por en: fez-mi-a veer por mal de mim, ca nom por al; ca, poila vi, nunca m'ar paguei doutra rem

senom dela, de que assi estou como vos eu direi: que todo quant'haver cuidei dela, poila vi, hei-o en. Vedes por que o dig'assi: cuidei dela, des que a vi, haver gram coita sem seu bem.

Ca nunca dela cuidei al haver, par Deus que pod'e val, erg'esta coita que me vem! cantigas-stag.square-bit.com

© 15/12/2025